

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA REGULAR A UTILIZACIÓN DE ESPAZOS ENTRE A FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DA USC, O CEIP ANEXA E O CIFP POLITÉCNICO DE LUGO**

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

**COMPARECEN:**

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG número 73, do 14 de abril) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, **D. Antonio López Díaz**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, a USC), que actúa en nome e representación dela, en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Ambas partes, na calidade en que interveñen neste acto, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para outorgar o presente convenio e

## EXPOÑEN:

**PRIMEIRO.-** Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería) da Xunta de Galicia é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional. Que a Consellería posúe o edificio e instalacións do CIFP Politécnico na rúa Armando Durán da cidade de Lugo.

**SEGUNDO.-** Que a USC é unha entidade de dereito público que, xunto coa misión docente, realiza actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que a configura coma un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia. Que a USC posúe o edificio e instalacións da Facultade de Formación do Profesorado na avenida Ramón Ferreiro da cidade de Lugo.

**TERCEIRO.-** Que no ano 2011 chegouse a un acordo entre a Facultade de Formación do Profesorado da USC e o CEIP Anexa de Lugo, para que o local que viña utilizando este último centro como ximnasio retornara á Facultade para transformalo en aula de plástica. A cambio, a Facultade de Formación do Profesorado cedeu o uso do seu pavillón deportivo ao CEIP Anexa para que puidera desenvolver nel as clases de Educación Física. Por tal motivo, a Facultade de Formación do Profesorado tamén chegou a un acordo co CIFP Politécnico de Lugo para utilizar o seu Pavillón Polideportivo para impartir nel a docencia das materias relacionadas coa didáctica da expresión corporal.

Todos estes acordos a tres bandas foron realizados verbalmente, sen que conste documento escrito algún que os ampare.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- FINALIDADE DO CONVENIO**

O obxecto deste convenio é regular as condicións de acceso, conservación e utilización do pavillón deportivo da Facultade de Formación do Profesorado e do pavillón polideportivo do CIFP Politécnico, así como establecer un marco de colaboración en aras dun emprego óptimo e eficiente destes locais para as dúas entidades, sempre dentro dos fins do expositivo terceiro.

### **SEGUNDA.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

1. A USC autoriza o uso do pavillón deportivo da Facultade de Formación do Profesorado ao CEIP Anexa. Non obstante, a Facultade poderá utilizar esas instalacións fóra do horario escolar do CEIP Anexa.

2. A Consellería autoriza o uso do pavillón polideportivo do CIFP Politécnico á Facultade de Formación do Profesorado da USC, que terá prioridade de uso. Non obstante, o CIFP Politécnico poderá facer uso desas instalacións fóra do horario de ocupación por parte da Facultade.

### **TERCEIRA.- DURACIÓN E PRÓRROGA**

O presente convenio de colaboración terá unha duración de 2 anos a contar dende o día seguinte á sinatura, podendo renovarse de común acordo por igual período.

#### **CUARTA.- ORGANIZACIÓN DAS FUNCIÓNS DO PERSOAL**

O réxime de persoal aplicable a cada parte non se verá alterado pola realización das actividades obxecto do presente convenio, nin porque o persoal dunha das partes desenvolva algunha actividade nas dependencias da outra parte.

A efectos de prevención de riscos laborais, a USC e a Consellería coordinarán estas actividades co obxecto de cumprir a lexislación vixente nesta materia.

#### **QUINTA.- COMPROMISOS DAS PARTES.**

##### **Compromisos da Consellería:**

- Facilitar á USC a utilización do pavillón polideportivo do CIFP Politécnico para as actividades que nel realice a Facultade de Formación de Profesorado, asumindo os custos das subministracións necesarias para o seu uso.
- Asumir os gastos de mantemento adecuados do pavillón polideportivo do CIFP Politécnico para o seu uso pola USC.
- Asumir a responsabilidade de todos os actos programados polo CEIP Anexa no pavillón deportivo da Facultade de Formación do Profesorado. O desenvolvemento destas actividades pola Consellería deberá levar aparellado a obrigatoria subscripción dun seguro de responsabilidade civil con coberturas que garantan a responsabilidade civil básica e a responsabilidade civil patrimonial derivadas das actividades desenvolvidas no pavillón deportivo da Facultade de Formación do Profesorado.
- Manter, durante o tempo de cesión concedido pola USC, en bo estado de conservación e utilización dos bens patrimoniais da USC descritos neste convenio.
- Unha vez acabado o período de vixencia deste convenio, devolver en perfecto estado de uso os locais da USC obxecto do presente convenio.

##### **Compromisos da USC:**

- Autorizar o uso do pavillón deportivo da Facultade de Formación do Profesorado ao CEIP Anexa asumindo a USC os custos das subministracións necesarias para o uso do pavillón.
- Asumir os gastos de mantemento do pavillón deportivo da Facultade de Formación do Profesorado debidos ao seu uso polo CEIP Anexa.
- Asumir a responsabilidade de todos os actos programados por ela no pavillón polideportivo do CIFP Politécnico. O desenvolvemento destas actividades pola USC deberá levar aparellado a obrigatoria subscripción dun seguro de responsabilidade civil con coberturas que garantan a responsabilidade civil básica e a responsabilidade civil patrimonial derivadas das actividades desenvolvidas no pavillón polideportivo do CIFP Politécnico.
- Manter en bo estado de conservación e utilización os bens patrimoniais da Consellería descritos neste convenio durante o tempo de cesión concedido pola Consellería.
- Unha vez acabado o período de vixencia deste convenio, devolver no mesmo estado de uso no que foron cedidos os locais da Consellería obxecto do presente convenio.

#### **SEXTA.- SEGUIMENTO DO CONVENIO**

Para o seguimento e coordinación xeral do presente convenio constituirase unha Comisión Mixta que se reunirá polo menos unha vez ao ano. Esta comisión estará integrada por:

Por parte da USC:

- Reitor/a, ou persoa en quen delegue.
- Decano/a da Facultade de Formación de Profesorado.
- Xerente da USC ou persoa en quen delegue

Por parte da CONSELLERÍA:

- Director/a territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional de Lugo.
- Director/a do CIFP Politécnico.
- Director/a do CEIP Anexa

Esta Comisión Mixta será a encargada, entre outras funcións, de coordinar e supervisar as incidencias que poidan xurdir, realizar o seguimento da execución do convenio, elevar os acordos tomados aos órganos competentes das partes, e dirimir sobre calquera cuestión que se poida suscitar.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Para a xestión ordinaria dos locais, constituirase unha Comisión Técnica que desenvolverá as normas de uso, incluíndo os horarios e demais información necesaria para a utilización das instalacións por todas as partes así como para a xestión de incidencias.

Estará formada polo/a Decano/a da Facultade de Formación do Profesorado, o Director/a do CIFP Politécnico, o Director/a do CEIP Anexa, o/a vicedecano/a da Facultade co competencias en organización docente, a persoa coordinadora da área de Didáctica da Expresión Corporal da Facultade, e a persoa responsable do departamento de Educación Física do CIFP Politécnico.

#### **SÉTIMA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN.**

1. O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación, sempre que se formalice antes do remate do prazo de duración do mesmo.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) A denuncia do Convenio cando se estime que se produciron alteracións substanciais nas condicións nas que foi subscrito.

d) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo de dous meses coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ó responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do Convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.

e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

f) Por causa de forza maior que imposibilite o obxecto do Convenio.

g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

#### **OITAVA.- NATURALEZA E XURISDICIÓN.**

A natureza xurídica do convenio é patrimonial. A normativa aplicable ao convenio é a do dereito privado con independencia de que deben terse en conta os principios recollidos Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, o é en canto aos principios de funcionamento. Igualmente será de

aplicación a Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, so aos efectos dos principios sinalados na mesma.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable, no seo da Comisión Mixta establecida na Cláusula Sexta, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio

A existencia de calquera tipo de controversia entre as partes en relación coa interpretación ou execución do establecido neste convenio, non resolto no seo da Comisión de Seguimento, resolverase ante os Xulgados e Tribunais da orde xurisdiccional do Contencioso-Administrativo da cidade de Lugo.

#### **NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

O cumprimento das obrigas deste convenio axustarase ás esixencias derivadas da normativa reguladora en materia de protección de datos de carácter persoal, no que corresponde á confidencialidade da información e dos resultados, aplicando as medidas de carácter técnico, administrativo, informático e organizativo que resulten necesarias para cumprir cos requisitos legais e, en particular, garantindo a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perda, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigacións derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

#### **DÉCIMA- PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA**

O presente convenio publicarase de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, ambas partes farán a difusión que corresponda nas súas respectivas sedes electrónicas.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes para incluír e facer públicos os datos referidos ao acordo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio dixitalmente.

Pola Consellería:  
O Conselleiro

D. Román Rodríguez González

Pola USC:  
O Reitor

Antonio López Díaz